



COLABORACIÓN NA AXUDA AOS REFUXIADOS

Ante a grave situación que se está a vivir no continente europeo coa masiva afluencia de refuxiados que abandonan os seus fogares sitos en zonas de conflito como a guerra de Siria, o Concello de Toen, a través da moción aprobada por unanimidade no Pleno Municipal do 12 de novembro de 2015, comprométese a levar a cabo unha serie de plans de axuda ás persoas refuxiadas que puidesen necesitala, entre os cales está organizar e canalizar a axuda que a veciñanza de Toen queira prestarlle a este grupo de poboación.

Por este motivo, ante unha situación tan grave e excepcional como esta, solicitamos a solidariedade de tod@s os veciños do Concello que poidan por a disposición medios como: unha vivenda baleira, espazo nunha vivenda compartida ou ben que estean interesados en colaborar de calquera outro xeito, que se dirixan con urxencia ás oficinas municipais co obxecto de poñer en coñecemento os recursos dos que se dispoñen.

Agradecemos a súa colaboración.

Toén, novembro de 2015.

O ALCALDE, Amancio Antonio Cid Pérez

